

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE Nº 6 CINTA 4**

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0004_006_en_0_16_09_id630_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_006_en_0_16_09_id630.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o sexto corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala do sistema de pesos e medidas que se utilizaba para a venda dos distintos tipos de peixe e para os cobros dos mariñeiros.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, pesca, mariñeiro, pesa, medida, caixón, carrexón, cesta, fábrica, targa, cobro, pago, lonxa, patela, quiñón, vendedora, pescantina, praza de abastos

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 6 DA CINTA 4



instituto de
estudos das
identidades

P: Mire vamos a falar dos sistemas de medidas e de pesas para comparar con hoxe, vamos a ver, cando cargaba o peixe a medida máis pequena que era a patela ¿Non? ¿Cal era a medida máis pequena?

R: A medida máis pequena en lonja daquela era o queixón.

P: O queixón¹.

R: Cincuenta quilos, medíase un queixón por 50 quilos, vendíase na lonja por cesta, por 100 quilos.

P: Unha cesta...

R: Porque antes, non se medía por queixón, medíase por cesta, cestas grandes das que traían, levaban 100 quilos.

P: Cen quilos.

R: Entonces non se carretaba o peixe os carrexóns. Os carrexóns chámanselle ós que van polas aldeas en burros coas alforjas cheas de pescado, que compraban o peixe aquí á noite e vendíanno pola mañan polas aldeas do interior.

P: Cargaban burros...

R: Eran os carrexóns.

P: Os carrexóns si.

R: Cargaban o peixe, comprábanno á deshora, cando chegaba un barco co peixe para chegar vivo o peixe a...

P: Ó destinos si.

P: E marchábanse á Ribeira e salábanno, botábanlle un pouco de sal e cargaban as *alforjas* todas dos burros, tamén era andar toda a noite co burro polas aldeas a vender, despois veu a medida do queixón, pero a venda sempre foi de cesta.

P: De cesta.

R: De cesta levaba dous queixóns, a 50 quilos, porque o queixón para as fábricas é máis cómodo, porque solamentes era encher o queixón, eran dous homes. Tiñan un queixón que tiña dúas asas así un pau e metíasno por aquí...

P: Ó lombo.

R: Si ó lombo, chegaban á fábrica abocaban, marchaban, e a fábrica dáballe unha tarjeta, unha targa, que era a targa ¿non? de metálico, de latón ¿non? e por esas ó terminares exigías o vale.

P: Dábanlle o vale para cobrar.

R: Para cobrar, e ti con ese vale íbas ó vendedor, ó que vendeu o peixe. Porque aquel a ti non te conocía de nada. Ti conocías como traballador, porque alí quen representaba o peixe era o que o vendeu, e ti despois con ese vale que era o que che facían na fábrica, ti íbas ó encargado dos mariñeiros, “A ver cantas targas tes, 4, 5, 6” do peixe que acarrexou, e sumaban todas e bueno pois temos, botamos 50 queixóns, 100 queixóns, son 50 cestas, entón a fábrica facíache o vale para o individuo que comprou non o vale para min que era o patrón, a nave por eles compraron a un vendedor, puxeron a subasta aquela cantidá, e a fábrica comprou, e con ese vale vou ó vendedor “Págueme esto” e tirábache o impuesto que che poñía por vender, que era o 6% primeiro, e cobrábache, pagábache na man.

P: ¿E aparte da cesta ou queixón había outras medidas máis na lonxa?

R: No.

P: Non. Pero sen embargo había o que era dentro do barco, había as patelas que levaban os mariñeiros.

¹ Variante que usan os mariñeiros locais para referirse ao caixón



R: As patelas era...

P: O quiñón.

R: Era do quiñón

R: [*E para recoller o quiñón e despois eran esas patelas que había...*]², eran para coller nun queixón e abocalas no queixón, no queixón de bordo do barco, ou na caixa donde está o peixe xunto, coller así con unha pouca agua, e despois abocar, para rellenar o queixón.

P: Para rellenar o queixón, entón usábase a patela mesmo xa como medida de carga e ó mesmo tempo para levar o peixe, ¿unha patela canto... ?

R: Cinco patelas.

P: ¿Cinco patelas que fan unha cesta?

R: Un queixón.

P: Un queixón. E dez patelas unha cesta.

R: Dez patelas unha cesta.

P: ¿Unha patela aproximadamente levaba 10 quilos?

R: Levaría 10 quilos, pero non levaba máis, porque ó encher con agua non enches o peixe enteiro. O motivo da cesta, antes vendíase en cesta porque había uns homes que se chamaban os carrexóns, que eses compraban, ese vendedor dos carrexóns, e que había un que compraba dous, e ti o do carrexon comprabache o peixe e despois tiñan, de onde o compraron a onde o van a elaborar, o caseto, había veces que o escunchaban todo, e había eses homes que xa tiñan un pau, os estobos, para levarlle o peixe de onde o comprou ó caseto onde están elaborando, porque aí había moitos casetes, aí no Berbés, que compraban a sardiña do caldeo, máximo do caldeo porque compraban de día e elaborábanno de noite, e botábannos en cestas os queixóns botábannos en cestas, e por non levar o queixón solo levaban nesas cestas, e levaban dous queixóns, e levaban así con un pau e abocaban alí, e estaban as mulleres toda a noite a escunchar o peixe.

P: Entonces unha cesta aproximadamente levaba 100 quilos, tamén depende do tipo de peixe ¿non? ou ¿pesaba o mesmo unha cesta de xurelos que unha cesta de xoubas? Non.

R: O mesmo.

P: ¿Pesaba o mesmo?

R: Se é de peixe menudo, sardiña, bocarte, todo ese peixe menudo, todo era de fábrica.

P: E pesaban o mesmo máis ou menos.

R: E logo que outras medidas había, había a ducia por exemplo, para que se usaba, para medir algún tipo de peixe, vendíase algún peixe por ducias.

R: Por ducias se vendía solo nestas plazas.

P: Nas plazas, ó por menor.

R: Unha ducia de sardiñas, unha ducia de chinchos, polo regular traen 100 quilos³ en dúas patelas trae 100 quilos ou 50 quilos, e veñen así por quilos, moitas veces venden a cesta enteira que unha leva 5 quilos⁴ outra.. (?).

P: E os pulpos eses ¿que se vendían por liazas ou vendíanse por unidades?

R: Se vendían por quilo tamén.

P: Por quilo.

R: Primeiro o pulpo, “haber canto me queres por este pulpo”, “pois 100 pesetas, ou 1000 pesetas, se che parece ben ou se che parece mal” non tiña.. (?). puxeron por quilo.. os polbeiros si, porque aí na parte de Cangas, Hio, toda esa parte do norte, dedicábanse a ir con botes ó pulpo e iban polas Illas e por aí, e traían 200 ou 300 quilos de pulpo.

P: E vendíase por centos ou por...

R: Non, non.

P: Por quilos igual.

² O fragmento sinalado en cursiva entre corchetes está cortado e non se escoita no audio.

³ Penso que aquí hai unha confusión, porque unha patela levaba 10 quilos e a cesta dez patelas.

⁴ Debeu confundirse



R: Por quilos.

P: ¿E os caldeiros servían tamén de unidade de medida ou non?

R: ¿Os caldeiros?

P: Ou non, os caldeiros non se usaba para medir as capturas ¿non? ¿e vender por milleiros e iso, os bogóns e iso, ou tamén se vende por quilo?

R: Por millar tamén.

P: Por millar que se vendía, que tipo de...

R: O tipo desas pescantinas que venden nas plazas, collían un millar, dous millares e contábannos un por un, contaban un cento ou dous centos, porque unha pescantina compraba aí o espadín, ti tes un milleiro de espadín, outro ten catro... entón ela como se dedicaban polas casas a facer o reparto, polo menos, por aquí por abaixo non, porque son os pescadores, para ir ás aldeas iban polas casas, “¿Queres espadíns?” “E a como é a ducia” “A vintecinco o cento”

P: 25 o cento, 25 a ducia, ou 25 o milleiro, ¿non? Según dependera. E hai outro tipo de medidas ó mellor para o marisco, para o croque para ameixa, úsase tamén o queixón.

R: Iso os compradores.

P: Os compradores. E non sabe canto pode levar cada...

R: Según o tipo do queixón, tamén se usa a (?) dame un cento de croque, dame un cento de lingueiróns⁵, dame un cento de..ou unha ducia de lingueiróns.

P: Ou de ameixas.

R: Ou de ameixas.

P: E non recorda así outros tipos de medidas que houbera, por exemplo para o congrío ou para a anguila, eso que iba por unidades.

R: Case case para a venda dos pescadores.

5 Lingueirón = navalla.